



Xosé Regueira Varela, Voceiro do Grupo municipal do BNG de Carballo, ao abeiro de Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN para solicitar da Xunta de Galicia un Plan de Restauración Ambiental da denominada mina de Monte Neme.

## EXPOSICIÓN DO MOTIVOS

O 10 de febreiro de 2014, a rotura dunha balsa de lama dunha canteira de seixo no Monte Neme provocando unha avalancha de material que escorreu ladeira abaixo, afectando ás localidades de Aviño, no Concello de Malpica de Bergantiños, e a Razo da Costa, pertencente ao termo municipal de Carballo. Afortunadamente non houbo danos persoais, mais si importantes danos materiais en vivendas, leiras e infraestruturas.

A explotación, titularidade da empresa Leitosa, levaba anos abandonada e presentaba unha evidente falta das máis elementais medidas de seguridade. A inexistencia de sinalización de perigo e o risco de desbordamento das balsas foron denunciados reiteradamente polo Concello, por colectivos sociais e por particulares. Mesmo desde a Dirección xeral de Minas se anunciara a elaboración dun Plan de Seguridade.

En 2022, a Xunta de Galicia fixo público un Plan de Rexeneración Integral da contorna da mina financiado con fondos europeos, que contemplaba a demolición das estruturas de formigón, operacións de recheo, drenaxe das balsas, depuración das augas, e a implantación de cuberta vexetal.

Poren, despois de iniciarse eses traballos en decembro do 2025, o pasado 31 de xaneiro repetiuse un episodio de características similares ao acontecido en 2014, ao rebentar unha das balsas da mina. O suceso afectou principalmente á ladeira que dá a Aviño (Malpica), chegando a provocar o corte da estrada que comunica este núcleo con Razo.

Compre lembrar que o artigo 46 da lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia establece a obriga da Xunta de realizar as comprobacións necesarias e verificar o cumprimento das condicións de seguridade e restauración das explotacións mineiras. A vista dos feitos, tanto no ano 2014 como no presente ano, semella evidente que esa función de supervisión no foi exercida coa dilixencia esixible.

Nunha primeira análise do recente desastre apréciase unha posible falta de previsión e control, ao non terse en conta a existencia dunha antiga galería da balsa, cuxa apertura pola subida do nivel da auga tería provocado a rotura da balsa e o arrastre de milleiros de metros cúbicos de material até a praia do Rías.

A maiores, trala gravidade do acontecido, non consta que se verificase de inmediato o estado do resto das balsas de complexo mineiro, sendo a propia veciñanza quen alertou, nunha reunión promovida polo Concello, do perigo existente na coñecida como “Balsa de augas limpas”.

Estamos así ante unha sucesión de advertencias ignoradas, atrasos inxustificadas e actuacións insuficientes durante máis de doce anos, que coinciden ademais coa execución tardía dun Plan de Restauración que non evitou que se repetise un novo episodio de risco para a poboación.

Por todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación os seguintes acordos instando a Xunta de Galicia a:

- 1.- Revisar e actualizar o plan de Restauración Ambiental da explotación mineira de Monte Neme, dotándoo dun alcance verdadeiramente integral e priorizando a seguridade das veciñas e veciños de Nétoma ( Razo) e outras poboacións próximas a esta mina.
- 2.-Elaborar con carácter de urxencia un Plan de Emerxencias que garanta a seguridade das persoas e bens mentres se revisa, actualiza e executa o Plan de Restauración Ambiental.
- 3.- Complementar e dotar de financiamento suficiente o Plan de Restauración Ambiental para asegurar a recuperación da estabilidade xeotécnica e ecolóxica do espazo.

Carballo. 10 de febreiro de 2026

Asdo.: Xosé Regueira Varela  
Voceiro Grupo Municipal BNG

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CARBALLO